

ASOCIACIÓN GALEGA DE
GRADUADOS E ENXEÑEIROS
TÉCNICOS DE TELECOMUNICACIÓNS
“AGGETT”

ESTATUTOS

TÍTULO I. DENOMINACIÓN, FINS E DOMICILIO.

Artigo 1º.-

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, constitúese a asociación que ten por denominación: ASOCIACIÓN GALEGA DE GRADUADOS E ENXEÑEIROS TÉCNICOS DE TELECOMUNICACIÓNS, en anagrama AGGETT, que se rexerá polos presentes Estatutos.

Artigo 2º.-

Os fins e actividades da Asociación son:

- a) Estreitar as relacións entre aquelas persoas que se dedican dunha maneira activa aos asuntos relativos ao ámbito ou sector das Telecomunicacións
- b) Contribuír ao prestixio social, laboral e científico dos asociados, así como velar pola ética e moral profesional.
- c) Contribuír ao desenvolvemento e progreso da Comunidade de Galicia achegando os seus coñecementos, podendo opinar e tomar iniciativas sobre as materias que garden certa relación coa nosa profesión, e colaborando coa difusión e potenciación das Telecomunicacións.
- d) Fomentar e facilitar os estudos da Enxeñaría Técnica de Telecomunicación e do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, así como a formación permanente actual e futura nas áreas de coñecemento con elas relacionadas.
- e) Estimular e estreitar os lazos de compañeirismo, profesionais e sociais dos Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación, dos Graduados en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación e todos os asociados.
- f) Facilitar, dentro das posibilidades da Entidade, os medios que se consideren necesarios para a mellor consecución dos fins sociais, laborais e técnicos dos actuais e futuros titulados nas áreas de coñecemento mencionadas no apartado d.
- g) Defender os dereitos e xestionar a promulgación de cantas disposicións legais sexan de interese para o desenvolvemento e eficacia das carreiras de Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación e as asimilables no marco das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TICs) e velar polo cumprimento das que se diten.
- h) Velar para que a pertenza dos nosos asociados ao COITT, non xere desigualdades de ningún tipo con outros colexiados motivadas pola distancia ou outras circunstancias, promovendo, en caso contrario, a creación dun Colexio no ámbito autonómico.

i) Avaliar as consultas que lle poidan ser feitas polo Estado, Organizacións Estatais, Administración Autónoma, Administración Xeral do Estado, Administración Municipal, Corporacións Oficiais ou particulares, profesionais, Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación e Graduados en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación en todas aquelas actividades profesionais e laborais relacionadas cos membros desta asociación e emitir as recomendacións ou ditames pertinentes.

j) Manter relacións de carácter científico ou profesional con cantos elementos serven á técnica das Telecomunicacións ou ciencias afíns, en España ou no estranxeiro.

k) Contribuír á creación dunha Mutualidade benéfica ou Institución afín, ou no seu caso, elixir os medios para a concesión de pensións aos asociados ou aos seus familiares por retiro, enfermidade, accidente ou morte, sempre que se incorporen socios suficientes que o fagan viable e se dote dos correspondentes recursos económicos.

l) Fomentar a comunicación, incluídos a publicación de elementos e o bo uso das instalacións propias ou cedidas para a representación da asociación, tales como Sedes, Locais, biblioteca, etc., dos mesmos, para a utilidade dos profesionais.

m) Pór en práctica calquera outros medios análogos aos anunciados, encamiñados aos fins dos Estatutos, que acorde a Asociación.

n) Promover o asociacionismo e desenvolvemento de actividades no marco de funcións da Asociación.

o) Outorgar premios e distincións concedidos previa aprobación da Xunta Xeral da Asociación. Para o cumprimento dos seus fins, a Asociación gozará de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar. Para a defensa dos seus intereses, a Asociación poderá utilizar cantos medios lle sexan permitidos en Dereito.

Artigo 3º.-

A Asociación terá o seu domicilio en Lugar Laixa nº28, A Arnoia (Ourense).

O ámbito territorial a que se estenden as actividades propias da Asociación abarca todo o territorio da Comunidade de Galicia, sen prexuízo das actividades de relacións e comunicacións externas, que poden estar abertas a calquera outro ámbito.

TÍTULO II. MEMBROS DA ASOCIACIÓN. DEBERES E DEREITOS. ALTAS E BAIXAS.

CAPÍTULO I.-DOS ASOCIADOS

Artigo 4º.-

Poden ser **honorarios, protectores, de mérito e de número**. Poderán ser nomeados socios honorarios aquelas persoas en quen concorran méritos extraordinarios no exercicio da profesión ou en prol da Asociación. O seu nomeamento farase por Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva ou de dez asociados como mínimo e por unha maioría, polo menos, dos dous terzos dos votantes presentes e representados.

Poderán nomearse **socios protectores** a aquelas persoas físicas ou xurídicas, individuais ou colectivas, que, simpatizando cos fins da Asociación, contribúan ao seu desenvolvemento. O seu nomeamento farase nas mesmas condicións que os socios honorarios.

Poderán ser nomeados **socios de mérito** e manter esta distinción, exclusivamente aqueles socios que o sexan de número e que coa súa actuación e mérito sobresaísen e deran prestixio excepcionalmente á profesión ou que se distinguiran pola súa dedicación aos fins da Asociación. O seu nomeamento farase nas mesmas condicións que os honorarios.

Na Asociación poderá integrarse toda persoa que, naceuse, resida ou exerza a súa actividade, relacionada coas profesións oficiais de Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, Graduado en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación ou doutra titulación no marco das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, así como as que poidan xurdir no futuro asimilables ás anteriores, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa

condición de **asociado de número** obterase mediante unha das dúas opcións seguintes, máis a posterior inscrición na Asociación:

Opción A:

Coa acreditación de ter cursadas a totalidade das materias, sen necesidade de incluír o Proxecto Fin de Carreira, que compoñan en cada momento os plans da carreira de Enxeñeiro de primeiro ciclo ou grao universitario no ámbito das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, ou a posesión de título de Enxeñeiro Técnico, Graduado, Perito ou Axudante de Telecomunicación, ou calquera outro título de Enxeñeiro Técnico obtido nas Escolas Universitarias de Enxeñaría Técnica ou Grao de Telecomunicación, ou calquera outra que poida xurdir no ámbito profesional das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, baseada nos cambios normativos pertinentes e recoñecida oficialmente.

Opción B:

Pertencendo á Asociación Española de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación, e non rexeitando a inclusión na Asociación Galega na consulta que para ese efecto se realizará.

Condición de **asociados estudantes**: poderán selo os estudantes matriculados nas carreiras comprendidas no artigo 4º-opción A. Terán os mesmos dereitos e deberes que os asociados, excepto o de elixir e poder ser elixidos aos postos representativos do colectivo, xa que para estes requírese unha antigüidade mínima de dous anos, e a categoría de Asociado-Estudante será de carácter transitorio ao ter que limitarse a esa mesma duración.

Sen prexuízo de todo o anterior, poderán formar parte da ASOCIACIÓN GALEGA DE GRADUADOS E ENXEÑEIROS TÉCNICOS DE TELECOMUNICACIÓNS (en diante AGGETT), aqueles Enxeñeiros Técnicos ou graduados universitarios superiores que, sen traballar nin residir dentro do ámbito da Comunidade, soliciten pertencer a ela, previa aprobación da Xunta Directiva desta Asociación de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación e de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, e cando estean dados de alta noutra Asociación pertencente ao ámbito territorial superior e no cal se atopen traballando e residindo, se esta existise.

A modificación ou calquera outro título de Enxeñeiro Técnico ou Graduado obtidos nas Escolas Universitarias de Enxeñaría Técnica de Telecomunicación ou novas asimilables, faise extensiva a todos os artigos destes Estatutos - Regulamento, en que se mencione por calquera motivo as titulacións requiridas para a pertenza á Asociación.

Poderá ser inscrito como asociado de número ou como asociado estudante quen, reunindo as condicións esixidas por estes Estatutos, solicite o seu ingreso e sexa admitido pola Xunta Directiva. Das denegacións da súa admisión, e aos efectos de ratificación ou revogación do acordo deberá darse conta na Asemblea Xeral inmediata que se celebre.

Ningún dos asociados poderá outorgarse a representación da colectividade nin xestionar asuntos en nome da Asociación, sen ser previamente autorizado pola Xunta Directiva.

A Asociación Galega de Graduados e Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións non será responsable dos actos, nin solidaria das opinións particulares dos seus membros, calquera que sexa o medio que empreguen para realizalas ou emitilas.

Artigo 5º.-

Os asociados honorarios e os de mérito non satisfarán cota algunha. Os asociados de número satisfarán a cota correspondente, que poderá ser modificada en Asemblea Xeral de acordo coas necesidades da Asociación. Para os socios protectores e os asociados estudantes poderán establecerse distintas cotas en función dos intereses da Asociación, acordados desde a súa Xunta Directiva.

CAPÍTULO II.- DEREITOS E DEBERES DOS ASOCIADOS.

Artigo 6º.-

Son dereitos dos asociados de número:

- a) Asistir ás reunións da Asemblea Xeral, con voz e voto, transcorridos tres meses do seu ingreso na Asociación.
- b) Ser electores e elixibles para os cargos da Asociación, sempre que conten con dous anos de antigüidade na correspondente asociación nacional ou autonómica.
- c) Asistir ás reunións sociais, divulgativas ou técnicas que convoque a Asociación.
- d) Recibir información das actividades da Asociación e utilizar os servizos comúns que poña á súa disposición a Asociación.
- e) Recibir un exemplar dos Estatutos.

Os asociados honorarios, protectores, de mérito e estudantes, terán os mesmo dereito que os de número, excepto o previsto no apartado b) deste artigo.

Artigo 7º.-

Son deberes dos asociados:

- a) Cumprir as normas estatutarias e as regulamentarias que puidesen aprobarse.
- b) Cumprir os acordos adoptados pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Directiva nas materias que sexan da súa incumbencia.
- c) Satisfacer as cotas que se establezan pola Asemblea Xeral para o sostemento da Asociación, salvo o establecido para os asociados honorarios e de mérito.
- d) Colaborar no bo funcionamento da Asociación e comunicar, en xeral, calquera incidencia que puidese afectar á mesma.
- e) Notificar os cambios de domicilio, direccións de correo postal ou electrónico e teléfono.

CAPITULO III.- ALTAS, BAIAS E REINGRESOS

Artigo 8º.-

ALTAS.- O ingreso na Asociación producirase mediante solicitude dirixida ao Presidente, ou cando o haxa, ao Delegado territorial da mesma onde teña o seu domicilio o interesado. Unha vez completa a documentación requirida, darase conta á Xunta Directiva para a súa aprobación se procede.

BAIXAS.- Causarán baixa na Asociación:

- a) Os asociados que o soliciten por escrito á Xunta Directiva.
- b) Os asociados que deixaren de satisfacer catro cotas trimestrais, sen causa xustificada.
- c) Os asociados que executen actos gravemente contrarios ao compañeirismo, ou nocivos ao prestixio, ou aos intereses corporativos da Asociación, segundo se decida pola Xunta reunida como Comité Deontolóxico.

REINGRESOS.- Poderán reingresar na Asociación:

- a) Os ex-asociados comprendidos nos apartados a) e b) precedentes que o soliciten por escrito á Xunta Directiva, debendo abonar o importe das cantidades debidas desde a data en que causaron baixa, até un máximo de seis cotas trimestrais.
- b) Os ex-asociados comprendidos no apartado c) que o soliciten igualmente por escrito á Xunta Directiva, a cal someterá o caso a estudo e admitiralle se considera que desapareceron as causas que motivaron a súa

expulsión, a reserva da decisión definitiva que deberá emitir a próxima Asemblea Xeral que se celebre. Estes asociados non abonarán as cotas deixadas de satisfacer desde a súa baixa.

Artigo 9º.-

Os dereitos dos Asociados derivados da súa pertenza á Asociación, deixarán de ter efecto algún desde que causen baixa na mesma.

TITULO III. DOS DELEGADOS.

Artigo 10º.-

Ao obxecto de facilitar unha maior participación de todos os asociados nos asuntos da Asociación e para o mellor cumprimento dos seus fins, os asociados residentes en cada provincia poderán elixir previa convocatoria da Xunta Directiva de acordo coa normativa electoral; un Delegado provincial que lles represente por períodos de catro anos. Mentres non se produza dita elección, este Delegado provincial poderá ser nomeado pola Xunta Directiva de entre os seus compoñentes que sexan da respectiva provincia.

Artigo 11º.-

Os Delegados provinciais así mesmo poderán agruparse en zonas de acordo cos requisitos que en cada caso se consideren, previa notificación e aprobación da Xunta Directiva. Para iso elixirán por maioría un Delegado de zona.

Artigo 12º.-

Os Delegados de zona poderán someter á consideración da Xunta Directiva calquera tema que afecte as provincias da súa xurisdición e poderán reunirse entre si, previa conformidade daquela, cando o considere necesario e a proposta de catro Delegados de zona como mínimo.

Artigo 13º.-

Os Delegados de zona e os provinciais terán dereito a que se lles abonen os gastos que se orixinen con motivo dos seus desprazamentos.

Artigo 14º.-

Os Delegados de zona poderán permanecer catro anos nos seus cargos a menos que resultaren reelixidos.

TITULO IV. GOBERNO DA ASOCIACIÓN.

Artigo 15º.-

Son órganos reitores da Asociación, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

CAPITULO I.- DA ASEMBLEA XERAL.

Artigo 16º.-

A Asemblea Xeral é o supremo órgano deliberante e resolutorio da Asociación, e na mesma atópanse todos os membros asociados.

Artigo 17º.-

Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos, salvo o previsto nos Artigos 4,º 8º, 23º, 54º e 56º.

Artigo 18º.-

A Mesa da Asemblea Xeral estará constituída pola Xunta Directiva.

Artigo 19º.-

Os acordos válidamente adoptados obrigan á Xunta Directiva e a todos os membros da Asociación, e serán inmediatamente executivos.

Artigo 20º.-

As Asembleas Xerais poderán ser: ordinarias e extraordinarias. A Asemblea xeral ordinaria celebrarase durante o primeiro trimestre de cada ano.

As Asembleas extraordinarias celebrarase cando o acorde a Xunta Directiva por maioría de votos, a proposta de calquera dos seus membros, a petición de tres Delegados de zona como mínimo; cando o soliciten por escrito máis dun 30% de asociados ou cando ao ser presentada unha proposición nalgunha Asemblea Xeral ordinaria ou extraordinaria, quedase sobre a mesa para o seu estudo, nese caso procederase conforme ao artigo 23º.

Artigo 21º.-

As Asembleas Xerais ordinarias ocuparanse de:

- a) Aprobar, se procede, a acta da Asemblea Xeral anterior, ordinaria ou extraordinaria.
- b) Examinar e aprobar, no seu caso, as contas do exercicio anterior.
- c) Aprobar a Memoria da Asociación do exercicio vencido e o Programa de Actividades profesionais, culturais e científicas que poidan preverse para o seu desenvolvemento no ano seguinte.
- d) Aprobar, se procede, o orzamento anual de ingresos e de gastos.
- e) Discutir, aprobar, ou desestimar toda clase de proposicións presentadas polos asociados, nas condicións que sinala o artigo 23º.
- f) Nomear socios honorarios, protectores e de mérito.
- g) Aprobar, se procede, as reformas propostas dos estatutos e interpretar os seus preceptos.
- h) Elixir os asociados que han de ocupar os cargos vacantes na Xunta Directiva.
- i) Coñecer os asuntos contidos na memoria de xestión, os traballos das Comisións e os informes dos Delegados de zona.
- j) Fixar as cotas que han de satisfacer os socios, xa sexan periódicas ou extraordinarias.

Artigo 22º.-

As Asembleas Xerais extraordinarias ocuparanse de:

- a) Aprobar ou non a acta da Asemblea Xeral anterior, ordinaria ou extraordinaria.
- b) Discutir e aprobar ou desestimar toda clase de proposicións presentadas nas condicións sinaladas no artigo 23º.
- c) Resolver todos os asuntos que non sexan competencia da Asemblea Xeral Ordinaria e contidos na Orde do Día.
- d) Decidir sobre a disolución da Asociación.

Artigo 23º.-

Se no transcurso dunha Asemblea ordinaria ou extraordinaria se presentase por un mínimo do 20% dos asociados presentes, ou por un mínimo de 3 delegados de zona, algunha proposición á marxe dos asuntos contidos na Orde do Día, e de interese para a Asociación, a xuízo da Asemblea Xeral, quedará sobre a mesa para o seu estudo e discutírase noutra Asemblea Xeral extraordinaria, que haberá de celebrarse dentro dos 60 días seguintes, salvo no caso de que por maioría de dous terzos dos votos dos presentes na citada Asemblea Xeral se estime o asunto de urxencia e se acorde discutilo inmediatamente.

Artigo 24º.-

A Xunta Directiva, coa debida antelación á data en que haxa de celebrarse a Asemblea Xeral, remitirá aos Delegados de zona un índice dos asuntos que xulgue conveniente tratar nela, sinalándolles o prazo en que ineludiblemente haberán de expresar a súa opinión sobre os mesmos, emanada dunha reunión ou consulta cos asociados da súa zona, ofrecéndolles así mesmo a iniciativa para incluír outros asuntos do seu interese que haxan de ser incorporados á Orde do Día.

A Xunta Directiva, coñecida a opinión dos asociados por conduto dos Delegados de zona redactarán a Orde do Día, con carácter provisional, dos asuntos que fosen propostos por dous Delegados como mínimo.

Artigo 25º.-

A convocatoria para a Asemblea Xeral ordinaria farase por escrito aos asociados con 20 días de anticipación e constará nela a Orde do Día provisional a que se refire o artigo anterior.

Os asociados poden solicitar da Xunta Directiva, cunha antelación non inferior a 20 días da data de celebración da Asemblea Xeral, a inclusión de asuntos que, ao seu xuízo deban tratarse nela, sempre que a petición sexa suscrita por 25 asociados de número, como mínimo, e sendo o primeiro asinante o que poderá expor á Asemblea Xeral o asunto do que se trate.

Se a Xunta Directiva rexeitase a inclusión do tema proposto, farao razoadamente.

Artigo 26º.-

As votacións serán por aclamación ou nominais, podendo ser estas últimas secretas ou públicas.

Os asociados presentes poderán votar por sí e polos ausentes que lles houberen previamente conferido autorización escrita para iso e dentro dos límites establecidos polo artigo 27º.

En caso de empate repetirase a votación e se o empate subsiste, resolverá o voto do Presidente. As votacións en asuntos de carácter persoal, nas de elección de cargos e nas que puidesen acordarse no curso da Asemblea, serán secretas.

Artículo 27º.-

As autorizacións para poder votar en nome de asociados ausentes, han de entregarse, de forma fehaciente, ao Secretario da Asociación antes da hora sinalada para a apertura da sesión e en ningún caso se permitiran máis de dúas representacións por asociado. Estas representacións só serán válidas para votacións de asuntos incluídos na Orde do Día, excepto nas de elección dos membros da Xunta Directiva, que se deben axustar ao indicado no artigo 47º.

Artigo 28º.-

Para que a Asemblea Xeral poida constituírse en primeira Convocatoria precísase a asistencia, presente ou representada, da metade máis un dos asociados, podendo constituírse en segunda sexa cal for o número deles, tendo plena validez os acordos que nela se adopten, salvo o disposto no artigo 54º. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar un lapso de polo menos trinta minutos.

Artigo 29º.-

Por cada punto de discusión poderán consumirse tres quendas en prol e tres en contra e as rectificacións correspondentes, non podendo empregarse en ningunha quenda máis de dez minutos e cinco na rectificación, podéndose prorrogar estes prazos se así o acordase o Presidente.

Artigo 30º.-

A Asemblea Xeral irá precedida da aprobación da acta anterior. Non poderán modificarse, baixo ningún pretexto, actas aprobadas. Así mesmo, tampouco poderán porse novamente a votación asuntos sobre os que recaesen acordos definitivos; poderá, si, con arranxo ao que dispoñen os artigos anteriores, proporse a revogación do acordo, pero suxeitándose estritamente ao preceptuado no que respecta á forma da solicitude, número de asinantes, prazo de celebración da Asemblea, etc.

CAPITULO II.- DA XUNTA DIRECTIVA.

Artigo 31º.-

A Xunta Directiva é o órgano que xestiona e representa os intereses da Asociación, está encargado da dirección, goberno e administración da Asociación e estará composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Vicesecretario, un Tesoureiro, un Vicetesoureiro e un máximo de seis Vocais.

Artigo 32º.-

Estes cargos proveranse en Asemblea Xeral por elección entre os asociados que previamente fosen proclamados candidatos, de acordo coas normas electorais establecidas.

Todos os mandatos dos membros da Xunta Directiva terán unha duración de catro anos, renovables e alternativamente por metade.

Estes cargos poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións que tivesen encomendadas e por expiración do mandato, aínda que, neste caso, continuarán ostentando os seus cargos até o momento en que se produza a aceptación dos que lles substitúan.

Para a posta en marcha da Asociación poderá presentarse unha Xunta Directiva provisional, que será a encargada de presentar os Estatutos e deberá convocar eleccións antes de esgotar o prazo dun primeiro mandato, en cuxo período de tempo asumirá os dereitos e obrigacións que lle son propios segundo os presentes Estatutos.

Artigo 33º.-

1.- En caso de dimisión da maioría dos membros da Xunta Directiva, formarase, interinamente, e até en tanto se convoquen novas eleccións, unha Xunta Directiva de idade, formada polos asociados de número con data de ingreso de máis antiga a máis moderna. O asociado con maior antigüidade desempeñará as funcións de Presidente, seguíndolle en antigüidade o Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, Vicesecretario, Vicetesoureiro e os seis vocais. A Xunta Directiva de idade deberá convocar eleccións no prazo de quince días a contar desde a súa toma de posesión.

2.- O mandato da nova Xunta Directiva que resulte das eleccións convocadas pola Xunta de idade terá unha duración igual a aquela que lle restase por cumprir á Xunta Directiva dimisionaria, sempre que excedese de seis meses. Se o mandato que restase por cumprir fose inferior aos devanditos seis meses, a Xunta Directiva de idade esgotará o mandato, convocando eleccións ao seu tempo, conforme se establece nestos Estatutos.

3.- Cando no transcurso do período de mandato para o que resulte elixida a Xunta Directiva producísense máis de dúas vacantes de vocais ou a do Presidente ou Secretario ou Tesoureiro, a Xunta Directiva deberá convocar eleccións para cubrir os postos vacantes, cuxo mandato terminará xunto co do resto dos membros da Xunta.

Artigo 34º.-

Corresponde á Xunta Directiva:

- 1.- Representar á AGGETT.
- 2.- Manter as relacións con Organismos e entidades de todo tipo, tanto nacionais como estranxeiras. Poderá subscribir todo tipo de acordos e Convenios relacionados cos fins da Asociación.
- 3.- Convocar Asembleas Xerais.
- 4.- Admitir novos asociados e así mesmo dar de baixa aos que o desexen ou fosen expulsados mediante expediente previo.
5. Desempeñar a xestión económica e administrar os recursos de que se dispoña.
- 6.- Cumprir e facer cumprir as obrigacións dimanadas destes estatutos, así como os acordos adoptados en Asembleas Xerais.
- 7.- Adoptar, en caso de urxencia, as solucións precisas da competencia da Asemblea Xeral, dando conta delas no prazo dun mes aos asociados.
- 8.- Presentar á Asemblea Xeral ordinaria cada ano os orzamentos de gastos e ingresos, así como os balances e contas anuais, coas liquidacións e demais datos que procedan relacionados coa xestión económica. Nas mesmas condicións presentar a Memoria de Actividades realizadas e o Programa de Actividades a desenvolver.
- 9.- Dispor de toda clase de ingresos e gastos dentro dos figurados no orzamento. Así mesmo, fixará os criterios retributivos e de gastos dos membros da propia Xunta que pola súa dedicación e xestión á fronte da mesma puidesen incurrir.
- 10.- Propor á Asemblea Xeral as modificacións dos Estatutos, do Regulamento, ou calquera outra normativa afín que se xulgue necesaria e redactar cantas instrucións fosen requiridas para o mellor entendemento das disposicións relacionadas coa Asociación.

Artigo 35º.-

A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria con periodicidade mínima de tres meses e en sesión extraordinaria cando o estime oportuno o Presidente, por sí ou por instancia dunha maioría de dous terzos dos membros da Xunta Directiva.

Os acordos, que se farán constar no oportuno libro de actas, serán tomados por maioría de votos, sendo válidos sempre que o número dos favorables sexa superior a tres. En caso de empate, o Presidente terá voto de Calidade.

Quedarán constituída cando asistan á mesma a metade máis un dos seus membros.

Ao iniciarse calquera reunión da Xunta Directiva, presentarse a acta da sesión anterior, que será aprobada ou rectificadas, no seu caso.

CAPITULO III. DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA.

Artigo 36º.-

Do Presidente. Corresponde ás súas atribucións:

- a) Representar legalmente á AGGETT en todos os actos públicos e privados relacionados cos fins da Asociación, así como ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- b) Convocar, en unión do Secretario, a reunión das Asembleas Xerais e Xunta Directiva ordinaria e extraordinarias e presidir e dirixir as súas deliberacións.

c) Autorizar con firma toda clase de documentos, tales como estados de contas, actas, recursos legais, etc., executando e mandando executar os acordos das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.

d) Asinar con plenos poderes en nome e representación da Asociación, toda clase de acordos, convenios, escrituras e contratos, doazóns, cancelación de hipotecas, así como tamén todos os documentos públicos e privados que o requiran por si ou co seu visado, segundo os casos, aprobados en Asemblea Xeral.

e) Adaptar en caso de urxencia as determinacións que estime necesarias, obrigándose a dar conta á Xunta Directiva no termo dunha semana.

f) Autorizar os pagos acordados polas Asembleas e Xuntas.

g) Poderá, conxuntamente co Tesoureiro e/ou o Secretario, abrir contas correntes e retirar fondos delas en nome da Asociación en calquera establecemento bancario.

h) Propor as Comisións de Traballo.

i) Deseñar, propor e comunicar a organización, comisións e recursos da Asociación.

j) Poderá delegar as súas atribucións no Vicepresidente, salvo que exista imposibilidade para iso, nese caso pode facelo noutro membro da Xunta Directiva.

O cargo de Presidente poderá ser retribuído, de acordo co aprobado na Asemblea Xeral.

Artigo 37º.-

Do Vicepresidente, Corresponde ao Vicepresidente substituír ao Presidente nos casos de delegación, ausencia, enfermidade, suspensión, falecemento ou cesamento do mesmo por calquera causa.

Artigo 38º.-

Do Secretario. Corresponde ao Secretario da Asociación, a xefatura do persoal ao servizo da mesma, a organización do material dos servizos administrativos, as disposicións dos locais e do material e o recrutamento de colaboradores, previa proposta á Xunta Directiva, que será a única facultada para efectuar os nomeamentos.

Así mesmo, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, custodiando a documentación da entidade e ordenando o necesario para que os acordos sociais que sexan inscribibles accedan aos Rexistros correspondentes, así como as comunicacións relativas á modificación dos membros da Xunta Directiva. En xeral, ocuparase de cumprir as obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Levará, se houberse lugar, as relacións de orde administrativa con todas as asociacións profesionais, tanto nacionais como estranxeiras.

O cargo de Secretario poderá ser retribuído, de acordo co aprobado na Asemblea Xeral.

Poderá o Secretario, conxuntamente co Presidente e/ou o Tesoureiro, abrir contas correntes e retirar fondos delas, en nome da Asociación en calquera establecemento bancario.

Poderá delegar as súas atribucións no Vicesecretario, salvo que exista imposibilidade para iso, nese caso pode facelo noutro membro da Xunta Directiva.

Artigo 39º.-

Do Vicesecretario, Corresponde ao Vicesecretario substituír ao Secretario nos casos de delegación, ausencia, enfermidade, suspensión, falecemento ou cesamento do mesmo por calquera causa.

Artigo 40º.-

Do Tesoureiro. O Tesoureiro da Asociación recadará, custodiará os fondos da mesma, realizando os pagos ordenados polo Presidente e ocuparase de que leve na debida forma a contabilidade, rendendo contas á Xunta Directiva e presentando antes da Asemblea Xeral Ordinaria, os orzamentos correspondentes ao seguinte exercicio económico.

Presidirá a Comisión de Recursos Financeiros.

Poderá o Tesoureiro, conxuntamente co Presidente e/ou o Secretario, abrir contas correntes e retirar fondos delas, en nome da Asociación en calquera establecemento bancario.

Poderá delegar as súas atribucións no Viceteseouero, salvo que exista imposibilidade para iso, nese caso pode facelo noutro membro da Xunta Directiva.

Artigo 41º.-

Do Viceteseouero, Corresponde ao Viceteseouero substituír ao Tesoureiro nos casos de delegación, ausencia, enfermidade, suspensión, falecemento ou cesamento do mesmo por calquera causa.

Artigo 42º.-

Dos Vocais. Corresponde aos Vocais:

- a) Cubrir as substitucións necesarias na Xunta Directiva.
- b) Participar con voz e voto nas deliberacións da Xunta Directiva.
- c) Obrigatoriamente deberán estar adscritos a algunha Comisión de Traballo e por delegación do Presidente poderán asumir a presidencia das mesmas.

Colaborar, como membros da Xunta Directiva, na xestión dos asuntos que lles sexan encomendados.

CAPITULO IV. DAS COMISIÓNS DE TRABALLO.

Artigo 43º.-

Os fins que pretenden as Comisións de traballo, son os de propiciar a participación do maior número posible de asociados nos problemas propios da Asociación, abrindo así a posibilidade de constituírse para a achega de ideas e de colaboración na solución dos mesmos.

As Comisións de Traballo serán presididas polo Presidente da Asociación, o cal poderá delegar nos vocais da Xunta Directiva, ou en asociados aceptados pola mesma.

A adscrición a algunha destas Comisións será voluntaria por parte dos asociados, aínda que se procurará que o número de adscritos en calquera delas sexa superior a tres. Para ese efecto poderase establecer, entre outras, as seguintes Comisións de Traballo:

a) Comisión de Recursos Financeiros.- Ten como fin o estudo e formulación dos problemas financeiros e económicos e de xestión financeira da Asociación, para o que se poderá encargar da elaboración dun estudo sobre estes temas.

b) Comisión de Interior.- Terá ao seu cargo o seguimento da estrutura e da normativa da Asociación, así como da elaboración dos plans electorais, coa suficiente antelación, en cada un dos períodos de mandato da Xunta Directiva, adaptándoos, segundo os casos, ás circunstancias características dos mesmos.

c) Comisión de Comunicación.- Será a encargada das comunicacións externas e internas, estudando e propondo solucións aos distintos medios, publicacións tales como revistas, boletíns, guía profesional, biblioteca, catálogos, etc., que a Asociación teña que realizar.

d) Comisión de Relacións Institucionais e Expansión Asociativa.- Os fins desta Comisión estarán centrados en promover as relacións externas e intercambios profesionais e institucionais, os servizos de atención aos asociados e a captación de novos asociados, tanto dos que concluíron os seus estudos hai tempo, como das novas promocións que vaian saíndo dos Centros de Ensino. Para iso porán en práctica as oportunas campañas de divulgación de actividades e servizos prestados así como a captación de asociados.

e) Comisión de Estudos e Formación.- Os estudos desta Comisión irán encamiñados ao coñecemento do perfil dos asociados, titulados e estudantes, promovendo a formación permanente, o desenvolvemento profesional, a organización de ciclos de conferencias, seminarios, etc., como dos culturais e recreativos que tendan á formación integral e emprego dos asociados.

f) Comisión de Exercicio Profesional.- Velará pola defensa da profesión e as súas atribucións e encargarse de dirixir e coordinar os procedementos do Libre Exercicio Profesional e a calidade de servizo.

Artigo 44°.-

O número e fins das citadas Comisións, pode modificarse a proposta da Xunta Directiva, dando conta razoada na próxima Asemblea Xeral.

Os Traballos destas Comisións serán publicados e postos en coñecemento dos asociados. Para iso elevaranse á Xunta Directiva, a cal os incluírá na Orde do Día da próxima Asemblea Xeral que se celebre.

TITULO V. DO PROCEDEMENTO ELECTORAL.

Artigo 45°.-

Serán electores e elixibles todos os asociados de número que estean en pleno uso dos seus dereitos asociativos. No entanto, para ser proclamado candidato precísase unha antigüidade mínima de dous anos na data da celebración da Asemblea Xeral.

Artigo 46°.-

As candidaturas globais ou individuais que se presenten para a provisión das vacantes da Xunta Directiva deberán remitirse ao Secretario da Asociación, de forma fehaciente, podendo ir acompañadas dunha memoria explicativa da xestión que se pretende desenvolver en caso de ser elixidos e cuxa extensión non poderá ser superior a un folio a dous espazos e escrito por ambas as caras. Nelas deberán fixarse claramente o posto ou postos para os que se presentan.

As candidaturas deberán obrar na Asociación cunha antelación non inferior a 30 días respecto da data de celebración da Asemblea Xeral. Acto seguido e unha vez vencido este prazo, serán proclamados os candidatos pola Comisión Electoral e polo Secretario da Asociación, darase traslado diso a todos os asociados, xunto coas memorias a que se refire o parágrafo primeiro.

Artigo 47°.-

A votación para a elección dos membros da Xunta Directiva poderá realizarse de calquera das dúas formas seguintes.

1°.- Entregando a papeleta ao Presidente da mesa para que este, en presenza do interesado, a deposite na urna.

2°.- Enviando por correo certificado ao Presidente da Asociación a papeleta de votación nun sobre pechado, contido noutro tamén pechado e no que o remitente fará constar o seu nome, domicilio, nº D.N.I., nº de asociado e firma.

Os votos remitidos por correo deberán obrar na Asociación con antelación á data en que se celebre a Asemblea, sendo nulos os recibidos despois dese prazo.

No momento de verificar o contido romperáanse os sobres interiores, anulándose aqueles que conteñan máis dunha candidatura, ou sexan nulos.

A Comisión Electoral será elixida por votación entre os membros da Xunta Directiva. Por cada unha das candidaturas globais ou individuais presentadas poderán os interesados nomear un interventor para o escrutinio dos votos e seguimento do proceso electoral.

Artigo 48º.-

No caso de que un asociado perdesse ou extraviase a papeleta de votación a que se refire o art. 47º, solicitará do Secretario da Asociación, quen tomará nota desta circunstancia aos efectos de recuento de votos, a expedición dun duplicado.

Artigo 49º.-

A Comisión Electoral comunicará por escrito aos candidatos respectivos, o cargo para o que resultaron elixidos a fin de que no prazo de 48 horas notifiquen a súa aceptación ou renuncia.

Neste último caso e no caso de que a renuncia afectase ao Presidente, procederase a unha nova elección de conformidade coa normativa do presente título.

No caso de que a renuncia procedese de calquera outro membro da Xunta Directiva, substituiralle o candidato que lle siga en número de votos.

Artigo 50º.-

As posibles impugnacións que se puidesen presentar aos resultados electorais faranse por escrito no prazo de 48 horas da súa publicación ante a Comisión Electoral que resolverá no seu caso.

TITULO VI. RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 51º.-

A AGGETT ten como patrimonio fundacional a cantidade dineraria, que se acorde coa AEITT e outros patrocinadores, como gastos de primeiro establecemento. Poderá subscribir todo tipo de Convenios e acordos orientados a facer viable a súa subsistencia económica, segundo os criterios e aprobación da Xunta Directiva.

Artigo 52º.-

O orzamento da Asociación será aprobado anualmente e variará en función das necesidades da Asociación.

O exercicio económico comezará co ano natural e finalizará o día 31 de decembro.

Artigo 53º.-

Os recursos da Asociación serán os seguintes:

- a) O orzamento asignado pola Asociación Española de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación ou calquera do ámbito das TICs.
- b) As cotas dos socios que fixe a Asemblea Xeral.
- c) As subvencións, doazóns e legados.
- d) Os ingresos procedentes da venda de publicacións ou emisión de carnés.
- e) Os intereses bancarios e os que poidan render o seu patrimonio.

f) Calquera outro tipo de ingresos obtidos por accións formativas, de difusión, xestión profesional, colaboracións, etc.

TITULO VII. DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.

Artigo 54º.-

A Asociación poderá ser disolta se así o acorda a Asemblea Xeral, convocada con carácter extraordinario expresamente con este fin. Para isto será necesario que se presente unha petición asinada por, polo menos, a cuarta parte dos asociados de número e o acorde a Asemblea Xeral, co voto favorable das tres cuartas partes dos asociados de número.

Artigo 55º.-

1) Unha vez acordada a disolución, tomaranse as medidas oportunas tanto para o destino dos bens e dereitos da Asociación, como a finalidade, a extinción e a liquidación de calquera operación pendente.

2) Os membros da Asociación están exentos de responsabilidade persoal polas débedas da Asociación.

3) O remanente neto que resulte da liquidación librarase directamente á entidade pública ou privada que, no ámbito territorial de actuación da Asociación, se caracterizou pola súa obra a favor da Asociación, para que o destinen a fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

As funcións de liquidación e execución dos acordos aos que fan referencia os números anteriores a este artigo, así como as demais establecidas no artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002, serán competencia da Xunta Directiva, se non se conferiu esta misión a unha comisión liquidadora especialmente designada.

TITULO VIII. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS.

Artigo 56º.-

A modificación dos presentes Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral co voto favorable dos dous terzos dos asociados asistentes.

Previamente ao debate sobre a modificación estatutaria, será necesario que unha cuarta parte dos asociados ou a Xunta Directiva presenten un proxecto coa nova redacción que se propón, que deberá ser remitida aos asociados cun mes de antelación á celebración da Asemblea.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

En todo o non previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e as disposicións complementarias.